

José Luis Raposo, candidato do PSdeG á alcaldía de Pedrafita do Cebreiro, aposta por “manter os servizos públicos no Concello e impulsar a creación de emprego”

“Hoxe é un día feliz para o socialismo, coa volta de José Luis Raposo; sen dúbida o mellor alcalde que tivo e terá Pedrafita”, asegurou o líder do PSdeG

O candidato socialista aposta por unha lista “con experiencia política” pero na que tamén hai espazo “para novos perfís que, de seguro, aportarán ideas novas e axudarán a xestionar mellor os recursos do Concello”

PEDRAFITA DO CEBREIRO, 16 DE ABRIL DE 2015. José Luis Raposo Magdalena, candidato do PSdeG á alcaldía do Concello, presentou este xoves en Pedrafita do Cebreiro a lista municipal coa que se presentará ás eleccións que terán lugar o vindeiro 24 de maio. Durante o acto, Raposo informou que “manter os servizos no Concello e incentivar a creación de emprego, son os piares básicos do proxecto político que temos deseñado para Pedrafita”.

Raposo destacou durante o acto que “continuaremos potenciando o turismo a través do Camiño de Santiago, un dos sectores estratéxicos para o desenvolvemento económico e social, non só do Concello senón de toda a provincia”. Nesta liña, o candidato á alcaldía de Pedrafita destacou como “novos retos para o Concello o remate das obras e a posta en marcha da residencia e centro de día público para maiores; financiada coa axuda da Deputación; así como impulsar, en certa medida, o desenvolvemento industrial da zona”.

O Candidato á alcaldía de Pedrafita do Cebreiro valorou que “nesta lista, que conta con grande experiencia no ámbito político, hai espazo tamén para novos perfís que, de seguro, aportarán novas ideas e axudarán a xestionar mellor os recursos do Concello”.

Candidatura

A candidatura socialista, encabezada por José Luis Raposo, segue a contar de segundo titular con Óscar Fontevredra Chao, operario de mantemento de conservación de estradas. No terceiro e cuarto posto atópanse, Jesús Rodríguez Ingerto, gandeiro xubilado; e Luis Fernández Fernández, operario de maquinaria pública con grande experiencia no ámbito municipal e que se estrea nesta nova lista municipal. A quinta titular é María Dolores Trobo Pérez, operaria do centro de control de estradas. Os seguintes nomes son José López López e Carlos Gancedo Martínez, ambos gandeiros profesionais; Manuel Raposo Martínez, operario de máquinas e José Luis García Méndez, gandeiro xubilado natural do Concello.

Dos 3 suplentes, tamén hai novos nomes: repite Marcos Fontal Fontal e incorpóranse Manuel Blanco Pérez, encargado de mantemento de redes eléctricas; e Manuel Galán López, gandeiro xubilado con grande experiencia no sector.

Día feliz para o socialismo



NOTA DE PRENSA

O Secretario Xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, valorou que “hoxe é un día feliz para o socialismo coa volta de Raposo, o mellor alcalde que tivo e terá o Concello de Pedrafita”. Nesta liña Gómez Besteiro destacou que “JoséLuis Raposo soubo entender e aceptar o código ético do partido, priorizando o ben común e volvendo ás filas dos socialistas con máis forzas aínda”. Besteiro valorou que “este é o exemplo da posición que ten que ter un socialista de berce”.

Gómez Besteiro valorou tamén que “con Raposo, dignificouse a vida na montaña lucense, demostrando que se poden ter servizos sociais de primeira vivindo no rural da montaña”.

Pedagogía na rúa

O dirixente dos socialistas lucenses, Juan Carlos González Santín, sinalou que Raposo “é un exemplo de pedagogía na rúa, un alcalde que ten o seu despacho nela porque, dixo, se te metes nun edificio perdes moita experiencia vital. É un político que traballa dende o corazón”, afirmou.

Santín tamén gabou a capacidade xestora de Raposo, coa que, dixo, “conseguiu mellorar notablemente a calidade de vida dos seus veciños e veciñas, chegando incluso ata onde a Xunta non o fai.

“Gran pacto pola Montaña”

“Esta é a diferenza entre como xestionamos os socialistas e como xestionan outros. Necesitamos por parte dos que nos gobernan un gran pacto pola Montaña”, indicou González Santín. E é que “se os que nos dirixen non fan nada para evitar que un pobo perde a escola, o bar, a oficina bancaria... o mapa da Montaña será un mapa sen futuro”, aseverou.